



A Banda de Música de Salave

↓ Manuel García-Galano

Pode que búa parte da xente nova nun sepa, sin siquera d'ouguidas, qu'en Salave (Tapia) houbo úa banda de música –máis ben úa bandía– hai sesenta anos. A verdá é que nun deixa de chamar el atención que nun pueblo pequeno, sin ningúa tradición hasta entoncias neste tipo d'agrupacións musicales, s'amañara úa banda.

Pra que nacera úa banda fían falta, polo primeiro, dúas cousas esenciais: úa, qu'houbese xente preparada ou disposta a estudar el solfeo y el aprendizaxe del manexo dos instrumentos –nun había daquela nai-de nel pueblo que soupese– y outra, non menos importante qu'a primeira, que se dispuxese d'instrumental al xeito, pos supoñía un custo que, pra ferye frente, había que ter un numerario de certa consideración, diría que de muita consideración pr'aquelos tempos, qu'eran os primeiros anos treinta del siglo que s'acabóu. Però as dúas circunstancias puxéronse a favor pra que todo podese ferse realidá: había en Salave un peteiro de mozos ben dispostos a enreyar pol camín da música y houbo tamén úa persona que voluntariamente se prestó a financiar a operación de costiar os instrumentos pra qu'el proxeyto podese levarse a bon fin. Y levóuse.

Perguntando ás veces el porqué d'esta ocurrencia tan nova, d'este proxeyto miga común, parece ser que resultóu dado pol feito de qu'a Salave vían pola festa da Virxen da Porteiría, patrona da parroquia, búas bandas de música, bandas que chamaban el atención –cuase sempre da vecía Galicia–, y a xente escuitaba aquelas bandas con muito interés, cousa natural núa época na que nun s'ouguía música máis que nas festas, y hasta col orgullo natural de seren un

pueblo que llevaba a bandeira nesto de contar con música de primeira calidá pra os sous festexos. Lougo, nas reunións qu'os mozos tían ás tardías delante de Ca Urbana, nel Campo del Pozo, ou nas Cruzadas, ademáis de falar de xogar al futbol nas Augaceiras, falábase tamén da música da Porteiría –a lo menos nos alrededores da festa–, y pensaron que d'igual xeito que lo fían os galegos tamén ellos, por qué non, poderían amañar un grupo tan bon como os que vían de fora.

Corréuse a bulisma entre a xente y axina parecúu úa persona, D. Jesús López-Cancio Villamil, da Casa d'Arximontes, que, sabedora d'este pensamento dos mozos, ofrecéuse pra ferse cargo da financiación del instrumental necesario. Y á vista d'elo, y pra ganar tempo, úa docía larga de rapaces puxéronse depresa al estudio del solfeo baxo a direución de José Fernández "Frailán", un músico destacado de Tapia qu'en tempos lo fora d'úa banda militar. Enseguida chegóu el lote que D. Jesús s'ofrecera a costiar pra qu'os mozos podesen encamiarse por esa afición artística que, así, un pouco de sutaque, yes entrara. Un requinto, dous clarinetes, un cornetín, un fiscorno, un bombardino, un trombón, un baxo y úa caixa, compoñían el flamante lote que, un día d'haía el ano 1933, el Vitoria deixóu en Salave y que supoxo el contento pr'aquelos rapaces que núa sala de Ca Vitorio vían aporicándose al estudio del solfeo. Repar-



Banda de música de Salave (hacia 1935).

D'esquerda a dereita: Pepe de Vitorio, Marcelino de Diego, Masimino das Lleiras, "Frailán", el director, Jesús d'Illés, Pepe del Murcho, Licito de Cazuete, Manuel d'Anxelín, Miguel del Ferreiro, Venancio del Rozo. Agachado, Diego del Murcho

tíronse os instrumentos d'acordo cuas preferencias de cada ún, entre aqueles máis aventaxados ou que miyores cualidades apuntaban prá música a xuício del maestro.

Había tal entusiasmo, tal agayo, tanto nelos como nel mesmo Salave, qu'entre todos ergueron un local novo feito adrede pra os ensayos da banda. Condo paso por alí nun podo menos que sentir certa seña d'acordándose das muitas horas qu'alí dentro tuvemos, fendo escalas, arpexos, y peliando cos pasaxes difíciles das partituras de *Suspiro flamenco*, *Amor gitano*, *Sagredo*... A cousa foi que nel ano 1935 xa fexo a banda úa demostración pública dos sous saberes nel salón del Centro, tocando algúa peza, y pral outro ano, 1936, tían apalabrada a súa actuación en algúa festa del brao na contornada, actuación que nun chegaron a ferse por mor da guerra civil qu'empezóu, como se sabe, en xulio d'ese mesmo ano.

Suspendéronse entoncos os ensayos da banda y todos os compoñentes d'ela fóronse incorporando ún tras d'outro al exército pra tomar parte na luta civil na qu'ún d'elos, Diego del Murcho, perdería a vida.

Despós de tres anos de guerra nos que nun houbera nos pueblos festas nin bailes, a xente tía ganas de volver á normalidá nos festexos populares y as expansiós da mocedad. Tan axina como os mozos

foron vindo licenciados pras súas casas, a banda volvéu a os ensayos, cua incorporación d'algún novo compoñente –entre elos, el qu'esto firma–, y logo empezaría as actuacións nos lugares da contornada. Tapia, Barres, A Roda, Porcía, Cuaña, San Xuan de Prendonés, Bual, Ponticella, Villayón... foron, entre outros, puntos d'actuación da banda a os qu'íbamos a miudo a pé –eran tempos d'apretamentos aqueles anos–, anque sí *a mantido*, seguindo el dito de que *"el cura, unde canta, xanta"*. El grupo desempeñóu a súa función, sinón con brillantez sí con decoro –a verdá é que daquela as esixencias nun eran muitas–, anque deixando sempre á vista dos entendidos a bisonñez dos sous compoñentes, que nun chegaron a poder axuntar máis esperiencias, xa qu'a banda tuvo úa vida curta. Y é qu'ún dos problemas d'estos grupos pequenos é el de cubrir as baxas que, por úa cousa ou por outra, se van producindo a miudo, y si nun hai xente preparada pra relevar a os que se van, a banda resíntese. A de Salave foi cubrindo como puido as primeiras baxas pero nel ano 1944 acabóu disolvéndose por esa razón, ingresando logo algún dos sous números na banda *A Filarmónica* de Tapia, que taba entoncos xurdindo.

Esta é a pequena historia d'un grupo musical nacido nun lugar pequeno nel que, hasta entoncos –que se sepa– nun houbera ningún outro... nin volvéu a habelo despós. 